



## O teatro será o gran protagonista do Outono Cultural

Os Monólogos de Carlos Blanco deron o pistoletazo de saída ao "Outono Cultural 2017", que inclúe de 18 actividades, na súa maioría gratuítas e dirixidas a toda a familia. Repiten clásicos como as Xornadas Micolóxicas ou a Festa do Samaín ao tempo que se consolidan outras como o espectáculo para bebés (da man de Percubebé o 3 de novembro) e volven outras como as presentacións de libros: "Fresas para Kalíope" de Jorge del Oro Araguinde (20-10-2017).

O teatro será o gran protagonista con ata seis actuacións: "Shakespeare para todos" (Andaina

pro Saúde Mental, 10-10), "Naviza Girl" (Teatro cómico de Isabel Risco, 27-10), "As Fabas Máxicas" (Caramuxo Teatro, 12-11), "As fillas bravas" (Teatro Chévere, 17-11) e "Fíos" (Teatro Baobab, 26-11). A sexta actuación, "O caso é ter saúde", de Teatro Malasombra, aprazouse ao 24 de novembro, ás 21:00 h.

Haberá tres exposicións: "Olladas ao Camiño Inglés" (do 5 ao 11 de outubro), "Esencias de Muller" (do 16-10 ao 15-11) e "Exponav" (do 20-11 ao 4-12). E para os nenos/as, ademais da actuación de Caramuxo Teatro e das actividades do Samaín,

**OUTONO CULTURAL**  
**OROSO 2017**  
**29 SET - 4 DEC**

**EXPOSICIONS**  
**OLLADAS AO CAMIÑO INGLÉS**  
Do 5 ao 11 de outubro  
Parque de Esencias de Muller  
**ESENCIAS DE MULLER**  
Do 16 de outubro ao 15 de novembro  
Centro Cultural de Oroso  
**EXPONAV**  
Do 20 de novembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**MONÓLOGO**  
**CARLOS BLANCO**  
Martes 20 de outubro ás 21:00 h.  
Do 27 de outubro ao 3 de novembro  
Do 10 de novembro ao 17 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**CHARLA TODOCOSMOS**  
**AS ESTRELLAS E OS SISTEMAS PLANETARIOS EXTRASOLARES**  
Sábado 7 de outubro ás 12:00 h.  
Sábado 14 de outubro ás 12:00 h.  
**TEATRO ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL**  
**SHAKESPEARE PARA TODOS**  
Martes 10 de outubro ás 12:00 h.  
Do 17 de outubro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**PRESENTACIÓN DO LIBRO**  
**FRESAS PARA KALÍOPE**  
Do 20 de outubro ao 27 de outubro  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**XORNADAS MICOLÓXICAS**  
Sábado 21 de outubro ás 12:00 h.  
Sábado 28 de outubro ás 12:00 h.  
Sábado 4 de novembro ás 12:00 h.  
Sábado 11 de novembro ás 12:00 h.  
Sábado 18 de novembro ás 12:00 h.  
Sábado 25 de novembro ás 12:00 h.  
Sábado 2 de decembro ás 12:00 h.  
Sábado 9 de decembro ás 12:00 h.  
Sábado 16 de decembro ás 12:00 h.  
Sábado 23 de decembro ás 12:00 h.  
Sábado 30 de decembro ás 12:00 h.  
Centro Cultural de Oroso

**ACTUACIÓN**  
**PICADISCOS MARIFALTRI**  
Martes 20 de outubro ás 12:00 h.  
Do 27 de outubro ao 3 de novembro  
Do 10 de novembro ao 17 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**TEATRO CÓMICO DE ISABEL RISCO**  
**NAVIZA GIRL**  
Martes 27 de outubro ás 21:00 h.  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**MONÓLOGOS FANTOCHES BAIXOS GOLFINOS E O XIGANTE**  
Do 20 de outubro ao 27 de outubro  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**ENTREGA DE CABAZAS**  
Do 20 de outubro ao 27 de outubro  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**FESTA DO SAMAIN**  
Martes 27 de outubro ás 21:00 h.  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**ESPECTÁCULO PARA BEBÉS PERCUBEBE**  
Do 3 de novembro ao 10 de novembro  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**CARAMUXO TEATRO**  
**AS FABAS MÁXICAS**  
Do 12 de novembro ao 19 de novembro  
Do 26 de novembro ao 3 de decembro  
Do 10 de decembro ao 17 de decembro  
Do 24 de decembro ao 31 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**TEATRO CHÉVERE**  
**AS FILLAS BRAVAS**  
Do 17 de novembro ao 24 de novembro  
Do 1 de decembro ao 4 de decembro  
Centro Cultural de Oroso

**TEATRO BAOBAB**  
**FÍOS**  
Do 26 de novembro ao 3 de decembro  
Do 10 de decembro ao 17 de decembro  
Do 24 de decembro ao 31 de decembro  
Centro Cultural de Oroso


**AS ACTUACIÓNS LEVÁRANSE A CABO NO CENTRO CULTURAL.**

haberá charlas de Todo-cosmos (7-10-2017) e as actuacións de Picadiscos

Marifaltri (24-10) e Fantoches de Baj, con "Os golfiños e o xigante" (29-10).

**VI XORNADAS MICOLÓXICAS**  
**SÁBADO, 21 DE OUTUBRO**  
**PRAZO DE INSCRIPCIÓN: ATA O 17 DE OUTUBRO**  
Máis información e inscricións no centro cultural.

## O prazo de inscrición nas VI Xornadas Micolóxicas estará aberto ata o 17 de outubro




O Concello de Oroso convoca a sexta edición das Xornadas Micolóxicas, que terán lugar o sábado 21 de outubro e volverán combinar unha parte teórica (de achegamento aos cogomelos) con outra práctica (de recollida, clasificación e degustación dos mesmos). O prazo de inscrición está aberto ata o 17 de outubro e os prezos son de 15 € para persoas empadroadas (7 para menores de 12 anos) e 22 € non empadroados (14 para menores). Terán preferencia as persoas empadroadas.



Descarga a APP no teu móbil dende [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com), envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible







## Concello e Deputación organizan o I Encontro Internacional no Camiño Inglés

O centro cultural de Sigüeiro acollerá os días 5 e 6 de outubro o primeiro Encontro Internacional no Camiño Inglés, dedicado á figura de Margery Kempe. De feito, a clausura do congreso será a colocación no Paseo do Carboeiro dunha placa conmemorativa dos 600 anos do seu paso por Sigüeiro xa que está considerada como a primeira muller peregrina do Camiño Inglés. Un intenso programa deseñado dende o Centro de Estudos Internacional do Camiño Inglés. O encontro será inaugurado o xoves 5, ás 19:00 horas, polo alcalde Manuel Mirás; a directora xeral de Turismo de Galicia, Nava Castro; e o deputado provincial de Turismo, Xosé Regueira, que pronunciará a primeira conferencia sobre o turismo na provincia da Coruña. Acto seguido inaugurarase a exposición de José Manuel Yáñez, "Olladas ao Camiño Inglés", e terá lugar unha degustación de troitas, tortilla e viño de Betanzos. Para o venres 6 están previstas varias conferencias así como unha mesa redonda de alcaldes do Camiño Inglés, na que participarán os primeiros edís de Oroso, Carral, Abegondo, Pontedeume e Betanzos. A entrada é libre e de balde. Entregarase diploma de asistencia.




## O coro infantil da Escola de Música de Oroso gravará un tema do disco "Quero cantar"

Os nenos e nenas do coro infantil da Escola de Música José Verea de Oroso terán a ocasión de gravar un disco. Así o decidiron os colexios participantes na segunda fase do II Certame do Concurso Infantil e Xuvenil "Quero Cantar", que organiza a Deputación da Coruña. Isto significa que o grupo orosá terá a ocasión de gravar o seu tema "Benvido a Hawai" nun disco promovido pola entidade provincial. Unha gravación que terá lugar tras a celebración da fase final do concurso no Teatro Colón de A Coruña no que competirán os grupos "As estrelas do rock" (Brión), "Os nenos da vella" (A Coruña) e "Quenindiole" (Ferrol).

## O Concello de Oroso programará Bailes de Maiores todos os sábados do mes

O Concello de Oroso retoma o seu programa de Bailes de Maiores, que este ano experimentará unha significativa mellora. "A partir de agora e en colaboración coa Asociación da Terceira Idade haberá baile de maiores todos os sábados do mes, entre as 19:00 e as 22:00 horas, no centro cultural de Oroso", apunta a concelleira de Atención ás Persoas Maiores, Vanesa Boo, quen engade que "empezaremos o sábado 14 de outubro". Deste xeito, o concello multiplica por catro unha das actividades máis demandadas polos seus maiores e que se une ao incremento do tempo das clases das Actividades para Maiores, que pasan de 45 minutos a unha hora.



**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2017-18**

Actividade	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIÑES
30000	BALON BASKET	BALEA	BALEA	BALEA	BALEA
17000	BALON BASKET	BALON BASKET	BALON BASKET	BALON BASKET	BALON BASKET

- LUXOFECA: TODOS OS DÍAS DE 15:45 A 18:00 H.
- CLUB DE LECTURA BAUSA ADULTOS: LUNS ÁS 16:30 H.
- SERVIZO DE CAMBIO DE ROUBA PARA OS/AS PEQUENOS
- SENDESSINO - MONDANGOS: PRIMEIRO SÁBADO DO MES

**Actividades extraescolares para o curso 2017-18**

Para máis información contactar coa oficina de actividades extraescolares do centro educativo. Teléfono: 981 68 89 50. Correo electrónico: actividades@oroso.gal

**ACTIVIDADES PARA MAIORES**

TAI CHI XIMNASIA  
INFORMÁTICA  
OBRADOIRO DE MEMORIA  
MÚSICA E MOVIMENTO

**PRAZO DE INSCRIPCIÓN**  
INICIO: 25 de setembro de 2017  
REMATE: 4 de outubro de 2017

INSCRIPCIÓN:  
DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS  
Rúa do Depoerto, 9, baixo Sigüeiro  
Tfn. 981 68 89 50  
www.concellooroso.gal  
www.oroso.gal

**RAPACIÑOS**  
A tecnoloxía ben segura

5 de outubro de 17:00 a 19:00 horas

**Xornada para nais e pais**  
Lugar: Aula 1 do Centro cultural as 17:00 horas

**Tecnoloxía segura para os rapaces**

Entrada libre ata cubrir aforo

**Obradoiros para nen@s**  
Módos recomendados: de 8 a 14 anos  
Horario: día 5 de outubro de 17:00 a 19:00 horas

Temáticas:  
- Programación educativa - Moby Moby con Scratch  
- Speller  
- Lego

Aula Mentor EducaOroso  
Rúa do Depoerto, nº 7 - Sigüeiro  
15888 - Oroso  
A Coruña

amtega @ 12 OROSO una formación



O Concello de Oroso investiu case 12.000 euros na construción dun parque infantil no campo da festa de Villarromariz. A nova instalación conta con chan de caucho continuo, bambáns, balancín e unha estrutura de xogos con tobogán, así como cun areeiro.



Preto dun cento de persoas asistiu á inauguración do XII GoisOrosoArte, que reuniu 64 obras de 62 artistas no centro cultural. Os alcaldes de Oroso e Góis propuxéronlles o desafío de facer chegar esta mostra a outros países europeos como Bélxica ou Inglaterra.



Máis de 300 persoas participaron na quinta edición do Festival Folclórico Concello de Oroso, que por cuestións climáticas tivo lugar no patio do CEIP do Camiño Inglés. Grandes actuacións de Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes, Néboas no Cumio e Cantigas e Agarimos.



Gran participación na sexta edición dos Xuegos Ecuéstricos que organiza o Club Hípico Amazonas e Cabaleiros de Oroso. Tanto público como xinetes disfrutaron das distintas probas de doma clásica, vaqueira, freestyle, tricktraining... e das actividades paralelas.



A segunda edición do Torneo de Hockey Concello de Oroso, organizado polo Club Patín Oroso, foi un éxito de participación e de público. O pavillón polideportivo Juanito Amigo acolleu os distintos partidos así como a entrega de trofeos e medallas a todos os participantes.



Os alevíns das Escolas Deportivas Xuventude Oroso gañaron por segundo ano consecutivo o Footgois, un torneo que reúne aos mellores clubs de Portugal. Na gran final venceron 3-1 ao Coimbra. A orosá Abril Pazos foi elixida como mellor xogadora do torneo.

*Exposición fotográfica*  
*(José Alberto Pedrido)*

# Esencias de muller

Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa Sigüeiro - Oroso

Do 16 de Outubro ao 15 de Novembro  
De luns a venres: 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 21:00  
Sábados: 10:00 a 13:00

## OLLADAS AO CAMIÑO INGLÉS

ALICATINTAS DE JOSÉ YAÑEZ

CENTRO CULTURAL FERNANDO DE CASAS E NOVOA  
OROSO • Do 5 ao 11 de outubro

### Excursión a San Andrés de Teixido e Cedeira

**Sábado 14 de outubro**

**INSCRIPCIÓN NO CONCELLO DE 2 AO 6 DE OUTUBRO**  
Aberto a todas as persoas maiores residentes no Concello

**Información:**  
Concellaría de atención as persoas maiores  
Tel. 981 691 478